

INSTRUCCIÓNS PARA ENVIAR AS SOLICITUDES DE EMPREGO A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA

Antes de comezar: Para poder realizar este trámite a través da Sede Electrónica da Xunta require previamente contar cun sistema de identificación (Chave365, Certificado Electrónico ou CI@ve/Cidadáns UE) e ter o programa Autofirma (<https://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html>) instalado no seu ordenador.

Una vez conte cos requisitos técnicos indicados, siga os seguintes pasos:

1. Diríxase á URL <https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/solicitud-xenerica> (ou dende <https://sede.xunta.gal> pulse no menú superior “Trámites” e despois “Solicitud xenerica”).
2. Pulse o botón laranxa “Tramitar en liña”:



The screenshot shows the website interface for 'Solicitud xenerica'. The top navigation bar includes 'Trámites', 'A sede', 'Para quen?', 'Axuda', and 'A miña sede'. The main content area features a sidebar with a list of services, including 'Solicitud xenerica'. The main text explains the process and includes a red circle highlighting the 'Tramitar en liña' button. A 'Necesita axuda?' button is visible in the bottom right corner.

3. Identifíquese con algunha das credenciais dispoñibles: Chave365, Certificado Electrónico ou CI@ve/Cidadáns UE.
4. Cubra a pantalla de solicitude seguindo os seguintes pasos:
 - a. Indique as súas preferencias de notificación e agregue os datos que considere necesarios.

ELECCIÓN DO MEDIO DE NOTIFICACIÓN PREFERENTE

As persoas obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coa Administración deberán optar, en todo caso, pola notificación por medios electrónicos sen que sexa válida para elas, nin produza efectos, unha opción diferente.

Electrónica a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia [Notifica.gal](https://notifica.xunta.gal), <https://notifica.xunta.gal>. Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico asociado ao NIF da persoa indicada.

Postal (cubrir o enderezo postal só se é distinto do indicado anteriormente)

As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén á disposición da persoa indicada anteriormente no Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para que poida acceder ao seu contido de forma voluntaria.

- b. Indique na sección de “ASUNTO RELACIONADO” o posto o que solicita: **“Solicitud para a participación na convocatoria do proceso selectivo 2024/01, no posto de referencia...”** (copiar a referencia do posto no que desexa participar publicado no

Anexo II das Bases da convocatoria). Se quere optar a varias prazas, ten que enviar unha solicitude independente por cada praza. Si se ofertan varias vacantes para un mesmo tipo de posto, indique todas as referencias seleccionadas. Amósanse un par de exemplos nas imaxes seguintes.

ASUNTO RELACIONADO

Solicitude para a participación na convocatoria do proceso selectivo 2024/01, nos postos de referencia: EDD-DATALIFE-24-TESI1 , EDD-DATALIFE-24-TESI2 e EDD-DATALIFE-24-TESI3 |

ASUNTO RELACIONADO

Solicitude para a participación na convocatoria do proceso selectivo 2024/01, no posto de referencia EDD-DATALIFE-24-TEX1 |

- c. Indicar a organización á que vai destinada a solicitude. Para elo haberá que indicar no despregable a “Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional” e o “Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA)”, como amosa a seguinte imaxe.

DESTINATARIO	
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN ... ▾	CENTRO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA (CESGA) ▾

- d. Cubra como considere convinte as sección “EXPÓN”, “Polo tanto, SOLICITA” e “DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA”
 - e. Pulsar no botón laranxa inferior “Continuar”.
5. Engada a documentación requirida a praza á que se presenta, e que aparece indicada nas bases.
 6. Pulse no botón laranxa inferior “Continuar”.
 7. Rematar o proceso firmando co programa **autofirma** a solicitude.
 8. Se fora preciso, unha vez finalizada a solicitude poderá adxuntar nova documentación accedendo ao procedemento correspondente xenerado a través da súa sede electrónica.